

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 3 CINTA 3



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0003_003_en_0_09_27_id622_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0003_003_en_0_09_27_id622.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a terceira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante explica como se largaba o aparello nas artes de ardora e do boliche.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.

Audio de procedencia: MPG_SaVi_0003_003_en_0_09_27_id622



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 22 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, artes de pesca, aparello, mariñeiro, embarcación, traíneira, bote, boliche, salabardo, truel

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 3

P: E cando faenaban, ¿cantos lanzaban o aparello?, porque... ¿cantos homes traballaban?
Pois si levaban vinte homes...

R: Uns a vogar

P: Uns a vogar ¿e lanzar o aparello?

R: Lanzar o aparello salía...

P: ¿Dous ou tres?

R: Iba salindo.

P: Salía el solo.

R: Salía el solo, collía e iban remando os que largaban o aparello, iban vogando e largando as redes, ¿non? solo había un que atendía o corcho, si prendera o corcho, e o outro atendía, o que lle chaman o *jaretero*.

P: O *jaretero* si.

R: *Jaretero*, tumbábase na *jareta* porque o aparello tiña unhas certas anillas, de cinco en cinco brazas tiña unha anilla, porque este é o aparello ¿non?

P: Anilla abaixo, no plomo.

R: No plomo, para que cerrara, entónces iba largando as anillas, e a corda estaba aquí dentro da embarcación, iba este *jaretero* largando o aparello e eles arriando a *jareta*, ó terminar de largar o aparello entónces collía este tramo de aquí que levaba unha boia, collía a boia que estaba amarrada a esa que lle chama a *jareta*, e cando empezaba a cerrar, homes por aquí e homes por aquí empezaba a cerrar e un por estas anillas cerrando o aparello.

P: Ia por a anilla para abaixo, ia portando, tirando e ibase cerrando para abaixo.

R: Ó corcho non lle tocaban.

P: Si viñan de abaixo para arriba cerrando.

R: De abaixo para arriba entón facía.. fuerte polo aparello, inda estaba o colcho encima, pero cando empezaban a entrarlle polo plomo, para meter o aparello a bordo, eso era para cerrarlle ¿non?, entónces empezaba a xente a halar a meter o aparello á bordo e iban halando corcho e plomo, todo.

P: ¿Como se poñían uns á proa e outros á popa?

R: Non, todos xuntos.

P: Todos non, porque senón volcaba a trainera ¿non? ¿como halaban?, eles soltan aquí van dando un círculo

R: Para largar.

P: Para largar sí, despois poñen a trainera atravesada e uns a popa e outros a proa van tirando

R: De proa non tiran, tiran de un lado solo

P: Tiran de un lado solo.

R: Tiran da parte de popa, asentando o aparello no mesmo sitio como cando saliu, apartando o plomo para un lado e colcho pa outro...

P: ¡Ai! si. Na popa

R: Na popa sí, pa poder largar outra vez...

P: Si, claro e xa armando o aparello para poder...

R: Si ten peixe o aparello nesta zona que é de proa aí está quieta, pero mete pola popa, uns polo plomo e outros polo corcho

P: E tiran todos os homes á vez

R: Todos non porque hai certo...

P: Cantos

R: Catro ou cinco ou sete ou oito, según o aparello que sea.

P: Catro ou cinco. E mentres os outros están cos remos controlando a lancha ¿non?

R: Claro, controlando a lancha, está quieto... (inintelixible) chegan a facer a enxagua, que lle chamamos nosoutros a enxagua, a xuntar o peixe naquel rincón para despois co truel ou co salabardo recoller o peixe e estes que están aquí en proa, están cos remos quietos aguantando a embarcación.

P: Eso foi... e sen embargo xa cando viñeron os barcos de motor ese proceso xa era diferente ¿non?

R: Claro, o barco larga o aparello, solo ten o que está coa *jareta* o gareteiro, ten cuidado coas anillas que pode ir todo o aparello xunto ó mar, por ir a ghareta e leva a el e se acaso todo o aparello arrasto.

P: Tiña muito peso

R: Enganchalle unha anilla que lle sale e vai o aparello arrastro e se colle un home tamén o leva.

P: Entón ten que ter muito cuidado.

R: Ou rompe, ou parte. Tanta tralla...

P: E sen embargo ó boliche ¿que se usaba tamén, que barcos usaban o boliche? os botes

R: Pois son deses botes.

P: E eses como lanzaban o boliche

R: Pois o mesmo

P: Lanzaban igual, por un lado...

R: Un vai arriando, así o aparello o outro vai collendo o corcho, e o plomo xa lle vai caíndo ó mar, hasta que chega o último.

P: Tamén dan media circunferencia así.

R: Media circunferencia. Fai un despois para tirar o bulso do boliche, o cope, a corona, que é onde se garda o peixe, iso hai que tiralo aparte.

P: E despois van halando o boliche

R: O boliche, van halando igualando completamente para que o boliche veña dereito

P: E o boliche abocan adentro todo cando chega ou tamén usan o...

R: Abocan a dentro si poden co peixe que ten

P: Si poden co peixe

R: Senón hai que usar o truel, o salabardo, o salabardo e o truel. O salabardo son artes para recoller o que está preso aí. Despois de cercalos, está preso alí